

ROTEIROS DA VIDA

- Fai dez anos, seis eran os roteiros que unían patrimonio. Puxémonos o obxectivo de dinamizalos para percorrelos unha vez ao ano para dar a coñecer a paisaxe, a cultura e o medio natural.
- Dez anos despois son 15 os itinerarios deseñados coa mesma premisa e dinamizados co mesmo obxectivo: **COÑECER O PATRIMONIO MÁIS ACHEGADO** percorrendo cada ruta unha vez por ano.

LEMBRA SEMPRE

- Necesitamos de toda a túa puntualidade.
- Un calzado axeitado (a poder ser con membrana impermeable) e roupa axeitada pode facerche máis pracenteira a saída.
- Podes levar unha mochila, un impermeable, navalla, gorra, protección solar e... a cámara de fotos!
- Nalgunhas saídas as prazas poden ser limitadas para un mellor desenvolvemento da actividade, cumprir obxectivos e garantir o coidado do entorno.
- As actividades poden sufrir modificacións.

COMEZAMOS?

- Pasaremos a xornada do domingo xuntas, tamén na hora do bocata, que che repartiremos na saída. Chegamos cando rematemos, porque o tempo é de balde e nós utilizámolo para aprender.
- Non te preocupes do vehículo, o transporte recóllenos nas saídas establecidas no horario marcado e déixanos no mesmo lugar ao rematar a actividade.
- Coñeceremos mellor o noso entorno, porque paramos para aprender. Para ofrecer os nosos coñecementos e para escoitar aos que aportan.
- Camiñamos xuntas, en grupo.
- Integrámonos nas dinámicas.

INSCRICIÓNS

Data límite: Ata 2 días antes de cada roteiro

Non soci@s:
> Maiores de idade 6€
> Menores 3€

Soci@s:
> Maiores de idade 3€
> Menores 1€

INFÓRMATE para apuntamentos de fóra de Bergantiños.

ONDE INSCRIBIRSE

Espazo da Natureza de Oza (Carballo): X-V de 17h a 20h

Museo de Bergantiños (Carballo): Mérc. de 16:30 a 19:30

Base de Protección Civil de Carballo (Edif. Ambulatorio vello 2º): L > V de 9:30 a 13:30

Dep. de Cultura e Deportes do Concello da Laracha (Edificio de usos múltiples 1º andar): L > V de 9:30 a 13:30

+ INFORMACIÓN:

asociacion@sendanova.org

+34 611 037 617

facebook: [senda.nova](https://www.facebook.com/sendanova)

10º aniversario primavera en ruta de Senda Nova



Compartimos
Corredoira

Exposición
fotográfica

Andainas de
menor distancia

Organiza



Asociación ambiental
Senda Nova
www.sendanova.org

Colaboran



SOMOS **VECIÑANZA**, SOMOS **ASOCIACIÓN**



A) O SON DO ANLLÓNS

7 ABRIL Bergantiños · 18 km ★☆☆

B) RUTA DAS MÁMOAS

14 ABRIL Cabana · 14 km ★☆☆

C) TERRAS ALTAS DE SONEIRA

5 MAIO Zas · 16km ★☆☆

D) COSTA AGRESTE DE CERQUEDA E CAMBRE

12 MAIO Malpica · 14 km ★☆☆

E) A FORZA DO RÍO CHONIA

19 MAIO Trazo · 20 km ★☆☆

F) CORISTANCO HISTÓRICO

2 XUÑO Coristanco · 18 km ★☆☆

G) CAMIÑOS DE CAIÓN

9 XUÑO A Laracha · 14 km ★☆☆

H) RÍOS DE SOFÁN

16 XUÑO Carballo · 19 km ★☆☆

ROTA	A	B	H	C	D	G	SALIDA DE BUS:
A LARACHA	09:00						diante do concello
CARBALLO		09:15		09:15			rúa Venezuela
MALPICA					09:35		diante do concello
BAIO						09:50	parada de bus
ZAS							10:00 diante do concello



Exposición fotográfica
10º PRIMAVEIRA EN RUTA:
OS PASOS DA HISTORIA
30 de maio a 20 de xuño
17:00 a 21:00
Sala de exposicións (andar -1)
Pazo da Cultura de Carballo

Compartimos Corredoira:

Entidades convidadas de fóra da nosa contorna

Nesta 10ª edición contaremos coa visita especial de varias entidades do exterior da nosa contorna e que traballan de diferentes xeitos a prol do patrimonio.

Sábados ás 20h no Espazo de Natureza de Oza: Intercambio de experiencias entre colectivos (aberto ao público)

Domingos: Participación das entidades nas diferentes andainas.

Grupu d'ornitología Mavea (Asturies)

O excelente entorno da ría asturiana de Avilés



é o berce do *Grupu d'Ornitología Mavea*, con el unha xeira de apaixonadas persoas amantes da ornitología, algunhas delas, coñecidas a nivel estatal e internacional. Dende o traballo coas aves acuáticas ata a flora e fauna, pasando por diferentes centros de ensino e puntos da xeografía asturiana, a educación ambiental foi unha constante dende os inicios.

Mancomunidade de Montes Veciñais de Man Común de Tameiga (Pontevedra)



Na *Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Tameiga* nace o *Centro Social, Cultural, e Deportivo As Pedriñas*, na parroquia de Tameiga, Concello de Mos (Pontevedra). O Territorio Cultural As Pedriñas conta con 25 anos e 35.000m² de zona verde e o centro con 1.500m² para o lecer e a cultura. Un centro para moito máis que as 350 familias comuneiñas.

Non máis lumes no Concello de Cualedro (Ourense)



Non máis lumes no Concello de Cualedro é unha plataforma veciñal que nace tras o grave incendio forestal que calcinou 3.500

hectáreas na Serra do Larouco. A primeira actuación foi, en colaboración coa *AAVV de Lucenza*, recoller sinaturas para apoiar un manifesto en defensa da Serra do Larouco e esixir medidas para a súa recuperación. Desde entón realizáronse varias actividades de recuperación ambiental, sensibilización e actividades con rapazada, como a celebración do día da árbore e actividades coa veciñanza portuguesa, coa cal comparten a Serra do Larouco.